

## INFORME TÉCNICO-ECONÓMICO

<b>1 – PRECEPTOS NORMATIVOS DE APLICACIÓN .....</b>	<b>1</b>
<b>1.1. Ámbito de aplicación da taxa.....</b>	<b>2</b>
<b>1.2. Valor de mercado .....</b>	<b>3</b>
<b>1.3. Base imponible.....</b>	<b>3</b>
<b>1.4. Importe da Taxa.....</b>	<b>5</b>
<b>2 - DETERMINACIÓN DO VALOR DE MERCADO DA UTILIDADE .....</b>	<b>5</b>
<b>2.1. Fórmula .....</b>	<b>5</b>
<b>2.2. Apreciacións respecto da Fórmula.....</b>	<b>6</b>
<b>2.3. Base imponible .....</b>	<b>7</b>
<b>3 – VALOR DO SOLO.....</b>	<b>7</b>
<b>3.1. Valores no Concello de Ordes .....</b>	<b>10</b>
<b>4 – VALOR DAS CONSTRUÍONS .....</b>	<b>11</b>
<b>4.1. Parámetro “B”. Ocupación por tipo de instalación.....</b>	<b>12</b>
<b>4.2. Resumo dos Elementos Tributarios constituídos.....</b>	<b>18</b>
<b>5 – DOMINIO PÚBLICO .....</b>	<b>18</b>
<b>6 – SINATURA DO INFORME .....</b>	<b>19</b>
<b>ANEXO I. TARIFAS .....</b>	<b>20</b>
<b>ANEXO II. INMOBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL .....</b>	<b>23</b>

2.1.2 - v12

### **1 – PRECEPTOS NORMATIVOS DE APLICACIÓN**

A reserva de Lei esixida por mandato constitucional para o establecemento de exaccións de carácter público foi interpretada en sentido amplo como comprensiva, cando se trata de tributos locais, das ordenanzas fiscais. En consecuencia, os Concellos están facultados para establecer taxas a través delas.

O artigo 20 do RDLex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRFL) faculta ás entidades

locais a establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, o cal se incardina co principio constitucional de autonomía municipal e o dereito á xestión do dominio público local. A non esixencia de exacción algúnya polo uso do dominio público redundaría nunha maior inxustiza, con deterioración paulatina dos bens de dominio público sen que, mediante a contraprestación adecuada, puidese compensarse aquel uso por uns poucos, en contra do interese xeral.

O amplo período de exposición pública para a aprobación das taxas e a publicación íntegra dos textos para coñecemento xeral e impugnación, no seu caso, rodea a esta materia das garantías que a Constitución Española esixe en beneficio dos cidadáns.

O artigo 25 TRLFL sinala que "*os acordos para establecemento de taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente*".

Pola súa banda, o artigo 24.1 a) TRLFL establece que o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase, con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.

### **1.1. Ámbito de aplicación da taxa.**

A taxa por uso privativo ou aproveitamento especial regulada na ordenanza fiscal refírese ao réxime xeral contemplado no artigo 24.1 a) TRLFL. Trátase por tanto dunha taxa diferente da que grava o réxime especial regulado no artigo 24.1 c) do mesmo texto legal, non sendo aplicable, pois, a aqueles supostos nos que nos suxeitos pasivos se dean á vez as dúas circunstancias determinantes da realización do feito imponible que define o réxime especial:

- 1) ser empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza,
- 2) que ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

Con iso respéctase a compatibilidade prevista no artigo 24 TRLFL, segundo dispón a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

### **1.2. Valor de mercado.**

O obxectivo fundamental do presente informe técnico económico debe ser a determinación do valor de mercado da utilidade derivada do aproveitamento.

O devandito valor debe presentar unha serie de características:

- Debe calcularse coma se os bens afectados non fosen de dominio público, independentemente de que na realidade non exista un mercado para os devanditos bens.
- A taxa non é discrecional, pero si o método para a súa cuantificación, que obedecerá ao principio de equivalencia.
- Os métodos e criterios deben ser aplicados motivada e razoadamente e serán públicos e transparentes, obxectivos, proporcionados e non discriminatorios.
- Eses métodos e criterios deberán estar reflectidos no informe técnico-económico.

### **1.3. Base imponible.**

A vía elixida neste caso para chegar ao valor de mercado da utilidade é a referendada pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentenzas de 21/12/2016, con nº de resolución 2708/2016, 2725/2016, 2726/2016, 2727/2016, 2728/2016, Sentenza de 18/01/2017, con nº de resolución 49/2017, Sentenza de 02/02/2017, con nº de resolución 158/2017, entre outras), e o seu fin último é a determinación, simplificadamente, dun eventual “prezo de arrendamento”, que se identifica co mencionado valor de mercado da utilidade derivada do aproveitamento, ao que obriga a Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

Para iso determinarase en primeiro lugar unha base imponible conformada polo valor directo identificado como o valor do aproveitamento.

Para chegar a el tívose en conta que:

- a) A maior parte do dominio público obxecto de aproveitamento especial ou utilización privativa está constituído, pola súa propia natureza, por solo cualificado como rústico, de forma que se tomou este como referencia.
- b) Débese ter en conta a intensidade do uso, para que exista obxectividade.
- c) Así mesmo, para que se cumpla o devandito criterio de obxectividade as contías calculadas non poden superar o valor de mercado da utilidade obtida.
- d) A transparencia do método seguido obriga a seguir valoracións correspondentes co valor de mercado da utilidade obtida.

Resumidamente, para chegar á base imponible, a vía nomeada fai uso entre outros de dous parámetros: o valor catastral do solo e o valor das instalacións, calculado este último a partir de textos normativos e estudos de mercado específicos, sempre conforme á Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das Taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público.

O valor catastral, pola súa propia definición legal, ten a característica de ser público, constatable e actualizable, e ten unha relación legalmente establecida co valor de mercado (art. 23.2 do RDLex 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, en diante TRLCI). En consecuencia permite unha permanente posta ao día do mencionado valor de mercado da utilidade obtida, simplifica en gran medida o seu seguimento por parte da Administración e os suxeitos pasivos, e está avalado por unha amplísima xurisprudencia.

As instalacións tratadas constitúen construcións conforme á normativa catastral (art. 7.4 b) TRLCI) e así foi referendado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo. Deben ser tidas en conta á hora de calcular a base imponible da taxa, e non únicamente o valor do solo, xa que, ao tratarse de determinar un aproveitamento por un actor concreto cun obxectivo e medios determinados, o non facelo obviaría a realidade intrínseca e inseparable do que se pretende gravar.

O valor das instalacións derívase do valor do investimento na construcción das devanditas instalacións.

De tal forma que a convención do “valor catastral do solo con construcións” e do “valor das instalacións” en si, dá lugar a un “valor do inmóvel”.

Logo, para evitar que o valor catastral exceda ao valor de mercado ao que se faí constante referencia nos textos lexislativos e xurisprudenciais recórrrese á utilización do coeficiente catastral RM (de “relación a mercado”) fixado na normativa catastral. A aplicación do devandito coeficiente está tamén plenamente avalada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo.

O cálculo da base imponible, finalmente, requirirá da cuantificación da extensión superficial da ocupación polas instalacións que fan uso do dominio público, expresada en metros cadrados, e feito isto seralle de aplicación un tipo de gravame, conformando a cota tributaria.

#### **1.4. Importe da Taxa**

Por último, con todo o dito, teremos que se dará cumprimento ao disposto no art. 24.1 a) RDLex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que respecta ao importe da taxa que se establece.



## **2 - DETERMINACIÓN DO VALOR DE MERCADO DA UTILIDADE**

Así pois, en orde a conseguir o valor de mercado da utilidade obtida, defínese unha base imponible e un tipo de gravame conforme á seguinte fórmula:

#### **2.1. Fórmula**

$$\text{Base imponible [€]} = (A + C) \times RM \times S$$

Onde:

- **A [€/m<sup>2</sup>]**: é o valor catastral do solo rústico con construcións, por unidade de superficie.
- **C [€/m<sup>2</sup>]**: é o valor das instalacións, por unidade de superficie.

A valoración das instalacións a que se refire a presente taxa (conducións), virá case sempre indicada en metros lineais [ml].

Para coñecer nestes casos o valor da instalación por unidade de superficie, terase en conta a superficie ocupada por cada metro lineal, a cal será definida polo parámetro **B [m<sup>2</sup>/ml]**: ocupación en metros cadrados por cada metro lineal, segundo o tipo de instalación.

- **RM [sen unidades]**: é o coeficiente catastral de relación a mercado.
- **S [m<sup>2</sup>]**: é a cantidade de metros cadrados de cada instalación ocupando o voo, solo ou subsolo de dominio público que corresponda. As referencias catastrais dos terreos que conforman o dominio público local relaciónanse no **ANEXO II** do presente informe.

## **2.2. Apreciacións respecto da Fórmula**

O parámetro “A” fai que se cumpra o precepto necesario descrito en 1.3.a), o “RM” que se cumpra o precepto descrito en 1.3.c), e o parámetro B que se cumpra o descrito en 1.3.b).

A propia natureza bidimensional do solo forza que o seu valor deba ser definido por unidade de superficie (A [€/m<sup>2</sup>]).

Pola contra, as instalacións ás que se fai referencia no caso tratado expresan normalmente o seu valor por cada unidade de lonxitude das mesmas ([€/ml]), tamén pola súa natureza, e de tal modo reflíctense na normativa, proxectos e estudos respecto diso. De tal modo á hora de definir un termo que englobe o valor do solo e o valor das construcións nese solo debemos equiparar as unidades nas que expresemos ambos os valores.

Así pois a vía seguida para a maior parte dos casos foi definir un factor de ocupación de superficie de cada tipo de instalación por cada unidade da súa lonxitude ( $B [m^2/ml]$ ), que representa a superficie ocupada por cada metro lineal.

Desta forma, ao aplicarollo ao valor da instalación por metro lineal, obteremos o valor da mesma por unidade de superficie ( $C [€/m^2]$ ), e poderemos sumalo ao valor do solo tal e como está definido.

### **2.3. Base imoñible**

A base imoñible é coherente co disposto no art. 64.1.a) e b) da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público.

#### Tipo de gravame: 5%

Este tipo de gravame procede directamente do disposto no art. 64.3 da mencionada lei.



## **3 – VALOR DO SOLO**

O termo “A” da ecuación da base imoñible vimos que era  $A [€/m^2]$ , definido como o valor catastral do solo rústico con construcións, por unidade de superficie.

No punto 1.3 fíxose xa unha consideración acerca das razóns para empregar o valor catastral do solo rústico con construcións no caso que nos ocupa, as cales foron avaladas pola xurisprudencia existente.

En todo caso débese ter en conta que a valoración catastral de inmobles rústicos particularizase pola aplicación de dúas disposicións transitorias do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo RDLex 1/2004, do 5 de marzo, en diante TRLCI, segundo os mesmos, os solos rústicos poden valorarse de tres formas distintas dependendo do uso a que se destine. Así poden ser valorados como terreos ocupados por cultivos, como solo urbanizable sempre que se inclúan en sectores ou ámbitos

espaciais delimitados e en tanto non contén con determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada, ou como adoito ocupado por construcións que non resulten indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Non é posible a consideración deste tipo de solos, polos que discorren as conducións, nin como cultivos nin como solos urbanizables, senón como terreos ocupados por unhas instalacións que non se consideran indispensables para o desenvolvemento das actividades agropecuarias, por esta razón valorarase o solo de dominio público obxecto da utilización privativa ou aproveitamento especial como solo rústico con construcións.

A Circular 03.04/07, do 17 de maio, sobre procedemento de valoración de construcións en solo rústico e as Ordes e demais textos nela indicados dan as pautas para a obtención do seu valor, que se utilizan a continuación.

Na disposición transitoria 1<sup>a</sup> do TRLCI, establecése que para todos aqueles inmobles en solo de natureza rústica que contén cunha construción non indispensable para o desenvolvemento da actividade, o valor do solo da superficie ocupada polas construcións determinarase por aplicación dos módulos específicos que se aproben por Orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas, afectado polo coeficiente de referencia ao mercado vixente para os inmobles urbanos.

A norma á que fai referencia é a Orde Ministerial EHA/3188/2006, do 11 de outubro, pola que se determinan os módulos de valoración a efectos do establecido no artigo 30 e na disposición transitoria primeira do TRLCI. Na devandita Orde indícase que a valoración do solo rústico ocupado por construcións, farase **a partir do Módulo Básico de Repercusión (MBR) do municipio:**

*"En consecuencia, para a obtención dos valores de solo correspondentes ás construcións situadas en solo rústico e que catastralmente non estean consideradas como indispensables para as explotacións agrarias, a orde toma en consideración o Modulo Básico de Repercusión de solo asignado en cada municipio, por iso, na valoración destes inmobles, é necesario tomar en consideración a súa localización e a súa inserción nunha área económica homoxénea determinada, xa que os seus valores manteñen unha*

*estreita relación cos de carácter urbano, en función do municipio en que se atopan, aínda que cuns valores más baixos como consecuencia da clasificación urbanística do solo no que se sitúan os referidos inmobilés.”*

E no seu artigo 4 indícase como obter a valoración do solo rústico ocupado por construcións, a partir do MBR municipal:

*“1. O solo ocupado polas construcións a que se refire o apartado 1 da disposición transitoria primeira do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario valorarase por aplicación do valor de solo correspondente á superficie ocupada polas devanditas construcións.*

*2. O devandito valor unitario, expresado en euros por metro cadrado de solo, calcularase mediante a aplicación dos coeficientes incluídos no cadro seguinte ao Módulo Básico de Repercusión (MBR) correspondente, segundo a tipoloxía das construcións existentes:*

«Tipoloxía da construcción	Coeficiente a aplicar sobre o MBR municipal						
	MBR 1	MBR2	MBR 3	MBR 4	MBR 5	MBR 6	MBR 7
Residencial en edificacíóns de categorías 1 e 2 .....	0,138	0,140	0,152	0,019	0,220	0,277	0,400
Residencial en edificacíóns do resto de categorías .....	0,052	0,053	0,057	0,070	0,083	0,104	0,150
Terciario, dotacional e equipamentos .....	0,052	0,053	0,057	0,070	0,083	0,104	0,150
Industrial e almacén non agrario .....	0,035	0,035	0,038	0,047	0,055	0,069	<b>0,100</b>
Deportivo .....	0,017	0,018	0,019	0,023	0,028	0,035	0,050

Tipoloxía da construcción	Coeficiente a aplicar sobre o MBR 7
Agrícola, gandeiro ou forestal indispensable para o desenvolvemento da explotación .....	0,100
Extensiva.....	<b>0,015»</b>

As instalacións obxecto deste informe son, para os efectos da aplicación da normativa catastral, **industriais de tipo extensivo**. Segundo o establecido na ORDE EHA/2816/2008, do 1 de outubro, de modificación da Orde EHA/3188/2006, do 11 de outubro, pola que se determinan os módulos de valoración de solo rústico ocupado por construcións, por ser de tipo extensivo corresponderalle sempre o módulo MBR7:

*“Dous. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 5.2, que queda redactado nos seguintes termos:*

*«2. O módulo aplicable aos inmobilés cuxa tipoloxía sexa agrícola, gandeira e forestal, así como aos inmobilés de tipoloxías extensivas, será o MBR7, con*

*independencia da área económica homoxénea en que se atope clasificado o municipio a efectos da valoración catastral dos inmobilés urbanos.»”*

E por tanto, o coeficiente a aplicar sobre o MBR municipal, será o coeficiente industrial para MBR7, ao que se lle deberá á súa vez aplicar un novo coeficiente, por ser extensiva.

Así pois:

**Valor Unitario [€/m<sup>2</sup>]** = MBR municipal x Coeficiente a aplicar sobre o MBR municipal (no caso de tipoloxías extensivas, o módulo correspondente ao MBR7) x Coeficiente a aplicar sobre o MBR7 (extensiva).

Dado que o valor do MBR municipal defínese nun momento concreto no tempo, debemos actualizar o valor obtido anteriormente conforme ao indicado no Art. 32 de Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo RDLex 1/2004, do 5 de marzo, e desta forma aproximar o seu valor ao exercicio actual.

### **3.1. Valores no Concello de Ordes**

No caso do Concello de Ordes deberemos estar ao disposto na Relatorio de Valores más recente, publicada o día 26 de xuño de 2013, e con entrada en vigor en 2014.

No seu “*Documento 1. Memoria, Criterios de Valoración e Listados de Polígonos e Zonas de Valor*”, no seu “*Capítulo 2. Criterios Valorativos*”, punto 2.1, di que o Módulo Básico de Repercusión do Solo [MBR] para o municipio é:

$$\underline{\text{MBR} = 210 \text{ [€/m}^2\text{]}}$$

Neste caso non existe un Factor de Actualización, xa que o derradeiro coeficiente de actualización de inmobilés rústicos foi publicado no 2011, previamente á data de publicación da Relatorio de Valores tratada.

Este extremo pode comprobase na Sé Electrónica do Catastro (“Actualización de valores catastrais por coeficientes aprobados por Lei de Orzamentos”), en relación ao municipio de Ordes.

Así pois, conforme ao MBR indicado e aos coeficientes a aplicar indicados previamente, temos un valor unitario do solo rústico de aplicación, no noso caso, no Concello de Ordes de:

$$210 [\text{€}/\text{m}^2] \times 0,1 \times 0,015 = 0,315 [\text{€}/\text{m}^2] = A [\text{€}/\text{m}^2]$$

É dicir:

$$A [\text{€}/\text{m}^2] = 0,315 [\text{€}/\text{m}^2]$$



#### **4 – VALOR DAS CONSTRUCIÓN**

O termo “C” da ecuación da base imponible vimos que era C [€/m<sup>2</sup>], definido como o valor das instalacións, para cada metro cadrado segundo o tipo de instalación.

O seu valor defínese para cada tipo de instalación a partir de textos normativos e estudos especializados. Entre outros:

- Liñas de transporte de electricidade: Orde IET/2659/2015 e IET/2660/2015, do 11 de decembro<sup>1</sup>.
- Liñas de transporte de gas: Orde IET/2446/2013, do 27 de decembro.
- Auga e outras conducións: Estudos especializados de mercado.

Como vemos estes textos fixan un valor do investimento por unidade de lonxitude, independentemente da cantidade de superficie afectada por cada metro lineal deste tipo de conducións.

---

<sup>1</sup> Por exemplo: o Valor da Construcción (C) na liña 1.AE.E1.1 do Anexo I. Tarifas, que corresponde cunha liña de conducción eléctrica aérea cunha tensión superiora 400KV (cuádruplo circuíto tríplex), emprega o valor 1.262,62 [€/m], que ven da liña sexta da primeira táboa do Anexo I da Orde IET/2659/2015.

En todo caso a súa repercusión por cada metro cadrado, varía segundo a anchura que a instalación poida ter, en función da súa implementación física concreta, e as características e natureza da condución, para o que está definido o parámetro **B [m<sup>2</sup>/ml]**, que determina a ocupación en metros cadrados, por cada metro lineal, segundo o tipo de instalación.

A súa cuantificación debe ser individualizada para cada caso, e reflectida na liquidación para practicar en cada caso.

Apuntar que dentro da clasificación que se realiza por categorías, atendendo ao nivel de tensión, sección, presión ou diámetro das instalacións, sempre se toma como referencia **o valor inferior para cada agrupación**, atendendo a criterios de prudencia.

Os **valores de construcción** asignados a cada tipo de instalación aparecen reflectidos na **táboa de tarifas do ANEXO I**.

Dito isto non se debe esquecer que a aplicación nas fórmulas xerais do coeficiente RM fará que o valor final que determinará a utilidade sexa a metade do extraído das fontes empregadas, asegurando desta forma unha marxe moi ampla por baixo do prezo de mercado.

Neste informe faise referencia explícita ás seguintes instalacións:

- 1 – Liñas eléctricas, aéreas ou subterráneas.
- 2 – Canalizacións de gas e hidrocarburos.
- 3 – Tubaxes de condución de auga.
- 4 – As instalacións auxiliares das anteriores conducións (instalacións de impulsión e tanques de gas e hidrocarburos, transformadores ou subestacións eléctricas, etc.) todas as cales teñen a efectos catastrais a consideración de construcións.

#### **4.1. Parámetro “B”. Ocupación por tipo de instalación.**

A determinación do parámetro B permite establecer a superficie ocupada por cada metro lineal de ocupación, para os diferentes tipos de instalación.

Para iso establecese unha franxa afectada en función da tipoloxía da condución, que estará composta pola servidume ocupada máis as distancias de seguridade establecidas regulamentariamente, no seu caso.

A continuación defínese a franxa de superficie ocupada para os diferentes tipos de instalacións de transporte, distribución ou subministración:

**A) ELECTRICIDADE**

O coeficiente B neste apartado defínese como:

$$B = [w + 2a_s] \text{ [m}^2/\text{ml]}$$

Onde:

*w: área<sup>2</sup> da servidume ocupada en metros cadrados por cada metro lineal*

*a<sub>s</sub>: área de seguridade regulamentaria a cada lado da condución en metros cadrados por cada metro lineal)*

O RD 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, define as servidumes de paso de enerxía eléctrica. Doutra banda, o RD 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09, definen as servidumes e distancias regulamentarias de seguridade.

**A.1) Liñas eléctricas aéreas**

O artigo 158 do R.D. 1955/2000 indica que a servidume de paso aéreo de enerxía eléctrica comprenderá, entre outras cousas, o voo sobre o predio servente.

Por outra banda, no seu artigo 162.3, indícase que nas liñas eléctricas aéreas, en todo caso, quedará limitada a plantación de árbores e prohibida a construcción de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola proxección sobre o terreo dos condutores extremos nas condicións más desfavorables, incrementada nas distancias mínimas de seguridade regulamentarias.

---

<sup>2</sup> Normalmente esta área de servidume defínese coa letra “a”, pero neste caso elixiuse outra para non crear confusión coa denominación doutros termos empregados.

O artigo 5.12 da Instrucción Técnica Complementaria IT-LAT 07 incluída no RD 223/2008, no seu primeiro parágrafo, define a servidume de voo para as liñas eléctricas con condutores espidos, como a franxa de terreo definida pola proxección sobre o terreo dos condutores extremos, considerados estes e as súas cadeas de illadores nas súas condicións más desfavorables, sen contemplar distancia adicional algúnhia.

Co fin de facilitar o cálculo, e á hora de definir a franxa afectada por este tipo de conducións, seguirase un criterio conservador e non se terán en conta as condicións desfavorables que farían aumentar esta franxa, tales como o vento, e que segundo o RD 1955/2000 e o RD 223/2008 si deberían terse en conta. En definitiva establecerase unha zona mínima de ocupación que será a franxa definida pola proxección sobre o terreo dos condutores extremos, incrementada polas distancias mínimas de seguridade regulamentarias.

**Coeficiente “w”:**

Neste caso particular o coeficiente “w” queda definido como a superficie ocupada entre os dous condutores extremos por cada metro lineal. O seu valor numérico coincide coa distancia lineal entre os dous condutores extremos.

**Coeficiente “ $a_s$ ”:**

No artigo 5.12 da Instrucción Técnica Complementaria IT-LAT 07 incluída no RD 223/2008, establecense as distancias de seguridade para o paso por zonas a ambos os dous lados da proxección sobre o terreo dos condutores extremos.

Dado que o coeficiente “ $a_s$ ” defínese como a área de seguridade a cada lado da condución por cada metro lineal da mesma, o seu valor numérico en metros cadrados por cada metro lineal é coincidente co do coeficiente “ $D_s$ ”, expresado en metros lineais, que se indica na Instrucción Técnica Complementaria IT-LAT 07.

De todas as distancias de seguridade que se indican -bosques, árbores e masas de arboredo; edificios, construcións e zonas urbanas; proximidade a aeroportos; parques eólicos-, a menor de todas é a definida no seu punto 1 para bosques, árbores e masas de arboredo, que doutra banda é por onde máis usualmente discorren as liñas aéreas de alta tensión. É por iso, e seguindo de novo un criterio conservador, que

tomaremos o coeficiente “ $D_s$ ” segundo se indica no artigo 5.12.1 da Instrucción Técnica Complementaria IT-LAT 07 incluída no RD 223/2008.

$D_s = 1,5 + D_{el}$  [ml], e cun mínimo de 2 metros lineais a ambos os dous lados da proxección dos condutores extremos sobre o terreo.

Os valores de  $D_{el}$  indícanse no apartado 5.2 en función da tensión más elevada da liña. A partir do mesmo determináñanse os coeficientes  $D_s$  e  $a_s$  para cada tensión de rede<sup>3</sup>:

Categorías das liñas (Art. 3, RD 223/2008)	Tensión nominal da rede ( $U_n$ ) kV	Tensión más elevada da rede ( $U_s$ ) kV	$D_{el}$ [ml]	$D_s = 1,5 + D_{el}$ [ml]	$a_s$ [ $m^2/ml$ ]
TERCEIRA CATEGORÍA	3	3,6	0,08	2 <sup>(2)</sup>	2
	6	7,2	0,09	2 <sup>(2)</sup>	2
	10	12	0,12	2 <sup>(2)</sup>	2
	15	17,5	0,16	2 <sup>(2)</sup>	2
	20 <sup>(1)</sup>	24	0,22	2 <sup>(2)</sup>	2
	25	30	0,27	2 <sup>(2)</sup>	2
	30	36	0,35	2 <sup>(2)</sup>	2
SEGUNDA CATEGORÍA	45	52	0,60	2,1	2,1
	66 <sup>(1)</sup>	72,5	0,70	2,2	2,2
PRIMEIRA CATEGORÍA	110	123	1,00	2,5	2,5
	132 <sup>(1)</sup>	145	1,20	2,7	2,7
	150	170	1,30	2,8	2,8
CATEGORÍA ESPECIAL	220 <sup>(1)</sup>	245	1,70	3,2	3,2
	400 <sup>(1)</sup>	420	2,80	4,3	4,3

<sup>(1)</sup> Tensións de uso preferente en redes eléctricas de transporte.

<sup>(2)</sup> Mínimo de dous metros.

<sup>3</sup> Así, por exemplo, vemos na táboa previa que, para una Tensión nominal da rede ( $U_n$ ) de 400 [KV] na Categoría Especial, o termo  $a_s = 4,3$  [ $m^2/ml$ ], o cal calcúlase, como se dixo, de identidade na cifra con  $D_s$ , e este de  $D_{el}$ .

$D_{el}$  establecécese na Táboa 15 da páxina 16.515 do BOE n.º 68, do mércores 19 de marzo de 2008, dentro do apartado 5.2 da Instrucción Técnica Complementaria ITC-LAT 07.

O Valor da Construcción (C) na liña 1.AE.E1.1 do Anexo I. Tarifas, que corresponde cunha liña de condución eléctrica aérea cunha tensión superiora 400KV (cuádruplo circuíto tríplex), emprega un valor da Ocupación por tipo de Instalación (B) [ $m^2/ml$ ] de 8,6 + w.

Este termo “8,6 + w” procede das propias definición de “w” e de “ $a_s$ ” feitas no presente apartado: “w” é a superficie ocupada entre os dous condutores extremos por cada metro lineal, e “ $a_s$ ” é a distancia de seguridade para o paso por zonas a ambos os dous lados da liña de condución.

Como neste caso  $a_s = 4,3$  a cada un dos dous lados da liña a ocupación total é:  $2 \times 4,3 + w = 8,6 + w$ .

**A.2) Liñas eléctricas subterráneas**

O artigo 159 do RD 1955/2000 indica que a servidume subterránea de enerxía eléctrica comprenderá entre outras cousas a franxa de terreo situada entre os dous condutores extremos da instalación, sen prexuízo do disposto en canto a medidas e distancias de seguridade nos regulamentos técnicos da materia. Por outra banda, no seu artigo 162.3. indícase que nas liñas eléctricas subterráneas prohíbese a plantación e construcións na franxa definida pola gabia onde van aloxados os condutores, incrementada na distancia mínima de seguridade regulamentaria.

Do mesmo xeito o artigo 5.1 da Instrucción Técnica Complementaria IT-LAT 06 incluída no RD 223/2008, no seu primeiro parágrafo, indica que conforme ao sinalado no artigo 162 do RD 1955/2000, do 1 de decembro, para as liñas subterráneas prohíbese a plantación de árbores e construcións de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola gabia onde van aloxados os condutores, incrementada a cada lado nunha distancia mínima de seguridade igual á metade da anchura da canalización.

Por tanto, neste caso:

**Coeficiente “t”<sup>4</sup>:**

Superficie ocupada pola gabia onde van aloxados os condutores por cada metro lineal de condución. O seu valor numérico coincide coa anchura en metros lineais da canalización onde van aloxados os condutores.

**Coeficiente “a<sub>s</sub>”:**

Área de seguridade a cada lado da canalización por cada metro lineal de condución, consistente na metade da superficie ocupada pola canalización por cada metro lineal de condución. En concreto:

$$a_s = t / 2$$

O seu valor numérico coincide coa metade da anchura en metros lineais da canalización onde van aloxados os condutores.

---

<sup>4</sup> Esta superficie ocupada pola gabia “t” correspón dese co parámetro “w” das liñas de condución eléctrica aéreas e, do mesmo xeito, adoita ser referido coa letra “a” nos textos técnicos. Neste caso elixiuse outra para non crear confusión cos restantes termos empregados.

Por tanto, o coeficiente B será neste caso concreto:

$$B = t + 2a_s = t + 2(t/2) = 2t \text{ [m}^2/\text{ml]}$$

## B) GASES E HIDROCARBUROS

O coeficiente B neste apartado defíñese como:

$$B = 2a_s \text{ [m}^2/\text{ml}]$$

*a<sub>s</sub>: Área de seguridade a cada lado do eixo da canalización por cada metro lineal de condución*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos indica que a afección derivada da construcción de instalacións gasistas e oleodutos concretarase nunha servidume permanente de paso, que será unha franxa de terreo de ata catro metros, dous a cada lado do eixo da canalización por onde discorra enterrada a tubaxe ou tubaxes que se requirán para a condución.

Doutra banda, o RD 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gaseosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, define as distancias de seguridade nestas instalacións.

En concreto, a ITC-ICG-01 refírese ás normas UNE 60305 e 60302 para definir as distancias de seguridade en función das presións de deseño e as categorías do emprazamento da canalización (estas categorías veñen definidas na UNEA 60302 en función da densidade de edificación habitable da zona). Nos casos das canalizacións con presións iguais ou superiores a 16 bar nas zonas de 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> categoría, as zonas de seguridade a cada lado do eixo son superiores aos dous metros.

De tal forma que:

Presión P [bar]	Categoría do emprazamento (UNE 60302:2015)	Zona de seguridade a cada lado do eixo [ml]	<i>a<sub>s</sub></i> [m <sup>2</sup> /ml]
P maior ou igual a 16 bar	1 <sup>a</sup>	10	10
P maior ou igual a 16 bar	2 <sup>a</sup>	5	5
P maior ou igual a 16 bar	3 <sup>a</sup>	2,5	2,5

P maior ou igual a 16 bar	4 <sup>a</sup>	2	2
P inferior a 16 bar	1 <sup>a</sup> , 2 <sup>a</sup> , 3 <sup>a</sup> e 4 <sup>a</sup>	2	2

**C) AUGA**

O RD 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminares, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo RDLex 1/2001, do 20 de xullo, menciona as distintas servidumes legais.

O coeficiente B nestes casos será a superficie da zona de servidume establecida en cada caso por cada metro lineal de conducción.

$$B = f [m^2/ml]$$

Coeficiente "f"<sup>5</sup>: zona de servidume.

**4.2. Resumo dos Elementos Tributarios constituídos.**

Son:

No caso das LIÑAS AÉREAS (AE) de CONDUÍCIONES DE ELECTRICIDADE: w.

No caso das LIÑAS SUBTERRÁNEAS (SB) de CONDUÍCIONES DE ELECTRICIDADE: t.

No caso das CONDUÍCIONES DE GAS E HIDROCARBUROS: d.

No caso das CONDUÍCIONES DE AUGA: f.



**5 – DOMINIO PÚBLICO**

---

<sup>5</sup> Esta zona de servidume correspón dese conceptualmente cos parámetros "w" e "t" xa nomeados, e adoita ser referida coa letra "a" nos textos técnicos. Como xa se fixo previamente elixiu se outra denominación para non crear confusión cos restantes termos empregados.

O dominio público afectado pola ordenanza está constituído por aqueles bens inmobles de titularidade municipal de natureza demanial, non patrimonial.

No caso que nos ocupa os bens inmobles de titularidade municipal determináronse a partir dun Certificado Catastral Telemático de data 29 de marzo de 2019.

Ao non terse determinado os bens municipais patrimoniais, esta circunstancia faise patente no encabezamento do **Anexo II**, indicando que nos achamos ante bens inmobles de “Titularidade Municipal”.

✿

## **6 – SINATURA DO INFORME**

Luciano Otero Álvarez, enxeñeiro de telecomunicación. Colexiado n.º: 10.919.

✿

**Informe Técnico Económico correspondente á Ordenanza Fiscal da Taxa pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local das Instalacións de Transporte e Distribución de Enerxía Eléctrica, Gas, Auga e Hidrocarburos do Concello de Ordes**

**ANEXO I. TARIFAS**

LENDÁ						
ml: metro lonxitudinal						
RM: coeficiente de relación a mercado: 0,5						
TG: tipo de gravame (5 %)						
Cota Tarifa = base imponible x tipo de gravame						
<b>Listado de Elementos Tributarios</b>						
No caso das LIÑAS AÉREAS (AE) de CONDUÍCIONES DE ELECTRICIDADE: w.						
No caso das LIÑAS SUBTERRÁNEAS (SB) de CONDUÍCIONES DE ELECTRICIDADE: t.						
No caso das CONDUÍCIONES DE GAS E HIDROCARBUROS: d.						
No caso das CONDUÍCIONES DE AUGA: f.						
En todos os casos: a superficie ocupada pola instalación.						
<b>GRUPO 1: CONDUÍCIONES DE ELECTRICIDADE</b>						
<b>LIÑAS AÉREAS (AE)</b>						
Valor "w" para as liñas aéreas: valor da distancia en metros entre os dous condutores extremos.						
TIPO DE INSTALACIÓN	VALOR DO SOLO [€/m2] (A)	OCCUPACIÓN POR TIPO DE INSTALACIÓN [m2/ml] (B)	VALOR DA CONSTRUCIÓN [€/m2] (C)	VALOR DO INMOBLE [€/m2] (A+C)	BASE IMPOSIBLE por unidade de superficie ocupada [€/m2] (A+C) x RM	CUOTA TARIFA por unidade de superficie ocupada [€/m2] (A+C) x RM x TG
<b>CATEGORÍA ESPECIAL (tensión nominal da rede de 220 kV ou superior)</b>						
1.AE.E1.1 Liña aérea de alta tensión. Tensión U >= 400 kV. Cuádruplo circuito (triplex)	0,3150	8,6+w	1.262,62/(8,6+w)	0,315 + [1.262,62/(8,6+w)]	0,1575 + [631,31/(8,6+w)]	0,0079 + [31,5655/(8,6+w)]
1.AE.E1.2 Liña aérea de alta tensión. Tensión U >= 400 kV. Cuádruplo circuito (dúplex)	0,3150	8,6+w	1.010,10/(8,6+w)	0,315 + [1.010,10/(8,6+w)]	0,1575 + [505,05/(8,6+w)]	0,0079 + [25,2525/(8,6+w)]
